

Unha Moral para crecer, coñecer, recoñecer e desenvolver

A moral da persoa depende da comprensión da verdade da persoa mesma: somos persoas polo feito de existir, non porque ninguén nos nolo teña concedido como favor. E neste sentido é a metafísica, hoxe tan cuestionada, cando non negada, e a súa ontoloxía a que nos vai evitar unha concepción da persoa reductiva e líquida. O ser humano é un ser significativo, posúe un sentido: é capaz e relacionarse, comunicarse, amar... de entrar en comunión co outro/s. É no concreto da súa relación, do seu abrirse aos demais, como o home vai concretando o paso do abstracto ao concreto de ser persoa en e con

A persoa é por si mesma, ninguén lle concede a súa capacidade de seren. E iso faina distinta a tódolos demais seres creados, e polo tanto non identificable con eles. Isto lévanos a non esquecer que a persoa é:

- *Unha e única*
- *Irrepetible*, non se confunde coas demais persoas, inda que vive con elas. Unha unicidade irrepetible que non se sitúa no ámbito físico, senón no profundo, na interioridade, na conciencia de saber quen e como é, na saberse protagonista libre e responsable das súas accións, na súa *autorrealización*. É un absoluto diferenciado. E que se abra ao diálogo coa *transcendencia*, co Deus é amor de 1 Xn 4, 8 que puxo todo baixo os seus pés, Sal 8.
- *Corporeidade*, unha corporeidade que fai que se descubra como unha unidade da que conformada por múltiples funcións, pero que non é separable, senón que ha de ser comprendida en conxunto, na súa riqueza e totalidade (G.s 3 a). A persoa non é nin separable nin escindible, fora ha de quedar calquera intento dualista de entender a persoa e a súa misión. E que se *vai facendo* – fieri – no tempo persoal da súa propia historia.
- *Relación*. Porque é corporeidade e se descubre a través do seu corpo en tódalas súas dimensións, a persoa non se pecha en si mesma, senón que se abre aos demais, aos outros, ao Totalmente outro. Transcende de si mesmo, sae ao encontro dos que son coma ela, e aspira a chegar a unirse a aquel que a fixo a súa “ *imaxe e semellanza* “.A persoa descóbrese como **alteridade necesitada**.

- O ser *icona de Deus*, imaxe viva da súa presenza; pero imaxe que non se pecha nun mesmo, senón que se abre a compartir e recoñecer con aqueles outros semellantes tamén, e posuidores desa imaxe .É este ser imaxe – icona – o principio que está na base da teoloxía moral cristián, e a razón pola que dediquemos un curso a reflexionar directamente sobre cuestións respecto do vivir e actuar do ser humano, da persoa.
- Na revelación – encarnación – de Cristo, a moral cristiá descobre a súa propia especificidade. Nel todo home é acollido como imaxe e semellanza do Deus invisible, o que nos fai a todos testemuñas desta revelación testemuños, coa nosa vida, desa presenza.
- Como afirmou Xoán Paulo II no seu discurso ás academias romanas no ano 1996, “ *a fe en Cristo Verbo encarnado, permítenos crer no home, creado a imaxe e semellanza divina, microcosmos do mudo , ao mesmo tempo, icona de Deus* ”¹–
- Como remate deste marco no que situar á persoa, diremos que o ser humano é:

2

- Unha *unidade sicosomática* indisoluble
- *Ser cos outros*, en relación. Social
- Realidade que *crece e se desenvolve* continuamente nun tempo e nunha historia, o seu tempo e a súa historia (fieri)
- *Agápica*, porque o seu *crecer e madurar* vaise facendo desde o amor a un e aos demais. Non é no peche solipsista como a persoa toma conciencia de quen é.
- A persoa é *fin en si mesmo*, non medio para acadar outros fins.
- Como imaxe de Deus que é, como tal se ha de comportar e tratar aos demais: *respecto, dignidade, igualdade, liberdade*.
- O seu ser imaxe de Deus fai dela *señoría da creación* – respecto e coidado – e en comunión con canto lle rodea: natureza e irmáns.
- Porque é imaxe, está chamado á *apertura na fraternidade*, desenvólvese no tempo en un momento concreto da historia, é aí, onde ten que crecer e desenvolverse, abrirse ao amor e camiñar na complementariedade.

¹ Xoan Paulo II, Dsicurso ás Academias Pontificias, 28.11.1996, tomado de José Román Flecha, Moral de la sexualidad, p.40

I.- A moral da vida

Previos ó tema da vida

- “ ...O respecto da persoa, de xeito que cada quen, sen excepción de ninguén, debe considerar o próximo como **OUTRO EU**, *coidando en primeiro termo da súa vida* e dos medios necesarios para vivila dignamente... na nosa época principalmente, urxe a obriga de achegarnos a todos e de servilos con eficacia cando chegue o caso, ou dese traballador estranxeiro desprezado inxustamente, ou deste desterrado, ou dese neno ... “ **cantas veces fixestes iso a un deses meus irmáns máis pequenos, a min mo fixestes “ (Mt 25,40) (G.s 27)**
- “ ... Non só isto. *Canto atenta contra a vida* – **homicidios** de calquera clase, **xenocidios**, **aborto**, **eutanasia** e o mesmo **suicidio deliberado** – ; canto viola a **integridade da persoa humana**, como por exemplo, as **mutilacións**, as **torturas** morais ou físicas, os conatos sistemáticos para **domina-la mente allea...** (G.s. 27)
- “ ... É necesario que *se facilite ó home todo o que este necesita para vivir unha vida verdadeiramente humana*, como son o alimento, o vestido, a vivenda, o dereito á libre elección de estado e a fundar unha familia, á educación, o traballo, a boa fama, ó respecto... “ (G.s. 26)
- Toda reflexión do concilio respecto da vida pon de manifesto unha *clara, sincera e honesta opción sobre o seu valor*. Un valor que pasa a converterse en fundamento da acción dos seres humanos. O seu fundamento é unha reflexión filosófico antropolóxica personalista que pon a súa orixe en Deus, sentido e fundamento de toda a realidade humana.
- A moral cristiá, desde sempre, tivo preocupación polo tema da vida. O que remitía ao **quinto mandamento** do Decálogo: **Non matarás**.
- Nos últimos 50 anos, e mais concretamente nos últimos quince, este tema sufriu un gran relanzamento: *os avances científicos*, veñen dando lugar a un forte e fondo *debate ético sobre cuestións en relación coa vida*. Tan é así que incluso xurdiu unha reflexión que agrupada baixo a termo **BIOÉTICA** (asentada

sobre catro principios fundamentais: *autonomía, beneficencia, non maledicencia* e xustiza), que recoller o estudio, análise e reflexión respecto de cuestións sobre o xurdimento da vida humana, a posibilidade de creala, de elixir cal e como se quere que sexa a nova vida ou de acelera-lo seu remate. Ademais estes temas van, cada vez mais, preocupando á *conciencia* das persoas, e preguntan, piden, tamén opinan sobre elas.

1.- NECESIDADE DUNHA ÉTICA FUNDAMENTAL RESPECTO DA VIDA

A reflexión sobre a vida humana é un dos eixos sobre os que se foi construíndo a conciencia ética da humanidade.

A tradición xudeu cristiá, occidental foise construíndo ó amparo do **quinto precepto do decálogo: *non matarás***. Expresión clara e sintética do valor da vida do home, e tamén do *ethos humano*.

1.1.- Un principio escurecido

A pesares deste principio, da forza coa que brota, de ter a súa orixe primeira e última en Deus, o ser humano non acaba de conseguir desterrar do seu horizonte a posibilidade da morte, de realizala, de creala, poderíamos dicir. Moitas son as agresións ao valor da vida ó longo da historia. Pero non só realizadas, senón que no nome deste mesmo principio se xustificaban *NO NOME DE DEUS*. É mais, en moitísimas ocasións se lle daba estatuto de legalidade: pensade nas guerras xustas, nas inquisicións, nos exércitos, nos abortos, nas eutanasias, nas explotacións por mor de intereses económicos...

A persoa hoxe, onte, e supoño tamén que mañá., inda que pretendidamente civilizada, non foi capaz aínda de chegar con plena conciencia ó respecto do valor da vida (Cfr. Prensa, tv, radio, cine...) e sempre no nome da liberdade de expresión e do dereito á vida. esquizofrenia, quizais ? A isto se refería Xoán Paulo II na **Evangelium vitae** ao falar da cultura da morte e da cultura da vida, do dobre raseiro da nosa sociedade que tanto crea como destrúe vida.

Hoxe vivimos nunha gran ambigüidade (*esquizofrenia*) respecto do valor da vida e da súa defensa: Se toda vida é inviolable e merece ser respectada, por que , se temos tanta conciencia ética, xustificamos e valoramos unhas vidas máis cas outras? e non nome de Deus, ou das ideas, somos capaces de suprimir, desterrar, facer desaparecer vidas humanas ?. Como compensar isto coa, cada vez mais fonda, e positiva, conciencia e sensibilidade respecto de animais en extinción, especies arbóreas... que está a pasar ¿?

2.- PARA SUPERA-LA AMBIGÜEDAD

O camiño desde o que hai que ir superando esta ambigüidade non é outro máis que o da **COHERENCIA**. Unha coherencia que ten que manifestarse na proposta e na realización desa proposta ética, na que a vida humana sexa o principio, o fundamento, o referente fundamental e básico desde o que construí-la reflexión.

Esta proposta desenvolveríase en tres momentos:

1.- **Ética fundamental.**– o valor da vida precisa, necesita ser exposto, fundamentado, xustifico, dar razón del dun xeito coherente e reflexivo. Búscase a posibilidade dunha estrutura na que se vaia construíndo o discurso ó redor da vida como valor básico e fundamental no que se constrúe a sociedade e se verifica e expresa a dignidade humana.

Moitas veces falamos do aborto, a eutanasia, a pena de morte... pero logo esquecemos cal é a base desde a que nós tomamos posición diante deses temas.

2.- **Ética coherente.**– unha vez que temos feito a fundamentación, necesitamos unha exposición coherente da mesma. O que nos debe levar a sacar conclusións para aplicarlas as diferentes situacións que se nos van plantexando en relación co valor da vida. Isto dá non só coherencia, senón unidade ó discurso, á vez que significa a vida como un valor: aborto e guerra teñen un mesmo criterio, polo que non se poden facer dous discursos distintos e contrarios.

3.- **A antropoloxía do inminente**, do subxectivo do afecto e do sensible: **AS EMOCIÓN**S, sen perspectiva de futuro fai que toda a reflexión a maneira de abordalos problemas, se realice desde o hoxe en min, e para o hoxe comigo. Os outros / as non han interferir no; se o fan hai que superalos, esquecelos, obviaos... molestan. O que nos fai mover na radical **horizontalización antropolóxica**, vains facendo que todo aquilo que non nos guste (cuestión estético– sensible) se suprima. Conceptos coma esforzo, sacrificio, dor... non son utilizados no linguaxe común de hoxe en día. Rompese así a relación dialéctica, tan importante, entre **verdade, liberdade e responsabilidade**. (que tan ben propuxo a *Veritatis splendor*) .

Todo aquilo que supoña interferir no proceso individual no que cada un se sitúa é entendido como **intromisión e atentado contra a súa intimidade**: quen é ninguén para dicirme o que teño que facer. E nisto

xurde un novo termo que está a dar moito xogo: **CALIDADE DE VIDA**, un concepto que se sitúa no ámbito do económico e da ausencia da calquera esixencia que veña de fóra ou dun mesmo en aras a renunciar a prol dos outros. O conflito que xurde acaba sempre decantándose pola solución individualista: *eu decido porque eu son responsable de min mesmo.*

3.- Unha reflexión que bebe do texto bíblico

Tanto o A.T. Como o N.T., abordan o tema da vida desde a categoría de *don concedido por Deus*. Nel está o sentido, o horizonte, o camiño de toda vida. Isto supón, non podía ser doutro xeito, que estamos a falar da vida desde a perspectiva relixiosa.

No libro da Xénese mostra como Deus era e estaba no comezo de todo. Como crea vida por amor e todo o pon baixo a responsabilidade daquel ao que puxo ao fronte da creación de toda esta vida: “ *crecede, multiplicádevos, dominade a terra* (Xen 1 e 2)

O libro do Éxodo expresa como diante da situación de ameaza de morte (Mar Vermello, deserto...) só a confianza en Deus mantén viva a esperanza na posibilidade en Deus: El era a vida.

Os Patriarcas insisten na presenza de DEUS na defensa da vida, diante das criaturas ameazadas de morte:

. Abrahán ameazado de perder a Isaac.

. Xacobe vivirá con horror o encontro con Essaú...

No remate sempre permanece a vida: Deus, sempre fiel, camiña ó lado, co pobo. A obediencia a Deus, é na práctica na que se traduce de xeito inmediato a percepción profunda da esencia da vida como PARTICIPACIÓN no don gratuíto do Deus transcendente.

Por iso *os mandamentos de Deus son o vieiro da vida*: A integración Da ética na concepción sobre a vida é absolutamente central en todo o pensamento bíblico, e vai concretarse ó longo da historia e culturas. Esta vida que ven de Deus acada o seu pleno desenvolvemento en Cristo.

O A.T. presenta á muller como simboloxía da fecundidade, como *expresión da vida*. As crianzas expresan a *fidelidade a Deus, á Alianza, ó proxecto que Deus ten para o seu pobo*. Mostran que a vida está presente na fidelidade, no crecemento, no facer crecer ó pobo de Deus. Do mesmo xeito, aquelas que non podían ter crianzas considerábanas como persoas afastadas de Deus, da súa man, do seu proxecto (entendemos o por que , no exilio, da necesidade de reproducirse do pobo de Israel). E a muller é o medio a través do que esa vida é posible.

A salvación de Deus comunícase por medio e a través da vida (Dt 8,2 -3), escoita-la Palabra de Deus é abrirse o camiño de vida A fe esixe, como resposta a esa fidelidade, a coherencia no obrar, porque sitúase na certeza de que Deus é quen dá a vida, a conserva e acompaña: o Deus custodia a vida, diríxea... convértea en fonte de bens (Num 14,21; Xer 22, 24; Ez 5,11), unha vida, en Deus, que transcende o fenómeno puramente biolóxico.

Porque é don de Deus debe respectarse. Ven Del, volve a El. A vida que ven Del está protexida de toda ameaza de corrupción e de morte. Por iso toda vida humana é un valor que hai que admirar, respectar e salvar a toda costa (Is 56, 45 “ as árbores secas). Desde a fidelidade a Deus, a biblia presenta o home, a súa vida, *como fin e non como medio*. Na biblia a parece o intento de non instrumentalización da vida. Se a obra de Deus é crea-la vida, en continuidade con este proxecto, a obra do home é loitar para que na realidade na que homes e mulleres viven se loite por facer realidade este proxecto de Deus.

O N.T. a vida é un identificarse con Cristo: coa súa persoa. Acolle-la mensaxe, construí-lo reino supón acoller e respecta-la vida. Toda vida. E o comezo deste respecto da vida supón comezar polas persoas máis febles e necesitadas, “ *a cativería* “. Porque son as benaventuradas. Xesús mostra como se ha de despegar esta compromiso a favor da vida: *Mc 1,33; Mt 8,16; Xn 5,17; Mt 10,8*. A defensa da vida é signo do *Kerigma* – anuncio – do reino: EL DÁ A VIDA (*Lc 17,11; Mc 8,3; Mc 8,35*).

A defensa da vida, en Xesús e naqueles que acollen a súa mensaxe, ten unha perspectiva *escatolóxica*; leva ó Pai (ven deles, vai cara ela. Na súa interpretación de obediencia e fidelidade, de identificación coa súa persoa, o pecado é a antítese da vida.

Defender e denunciar calquera atentado contra a vida é un signo da acollida do reino. A comunidade asume e desenvolve a praxe do reino comezada en Cristo (*Feit 4,32; 13, 1-3*).

Será Paulo o que mellor faga ver a necesidade e coherencia da aceptación da mensaxe e a defensa da vida:

- . unha vida escatolóxicamente determinada
- . salvada pola gracia (cfr. Rom e Gal. Rom 7,14-21)
- . unha vida nova en Cristo, dependente e en identificación continua co Pai, o Fillo e o Espírito: “ vivir en Cristo “ e “ actuar coma Cristo “ (Ef 1, 15 - 21; 3,14 - 19)

O vivir en Cristo e de Cristo convértese nunha forma concreta de existencia (*Fil 3,8 – 11*).

4.– Unha achega á voz do maxisterio

A reflexión do Catecismo da Igrexa (2258 – 2283)

O punto de partida deste texto é o quinto mandamento capítulo vinte do libro do Éxodo (*Ex 20,13*). É o respecto do quinto mandamento o que leva a que para un cristián a vida debe ser defendida, respectada e conservada sempre. A este texto do A.T., o catecismo engade, na súa fundamentación bíblica da vida, o texto de Mateo cinco, : *as antíteses do reino (Mt 5,21 – 22)*: “ *díxosevos, pero eu dígovos...* “ A partires destes textos, o catecismo afirma que a vida, como don de Deus, debe ser respectada sempre, desde o seu inicio, pois ela é froito da acción creadora de Deus, e ninguén pode arrogarse o poder de acortala ou de suprimila (do concepto individualista da liberdade, que o Papa aborda e estudia na *Veritatis Splendor*, xunto coa denuncia da cultura da morte, da que logo falará o Papa na “ *Evangelium Vitae* “).

A reflexión desde a Evangelium Vitae de Xoan Paulo II

8

Esta encíclica foi publicada no vinte e cinco de marzo de mil novecentos noventa e cinco (*25/3/1995*), festa de Encarnación. Nela se parte dunha afirmación, sempre presente na mensaxe cristián e desenvolvida, inda que non de xeito sistemático, como agora, ó longo do maxisterio de Xoán Paulo II: A VIDA É SEMPRE INVOLABLE, e non pode estar a mercede de intereses persoais ou de grupo, porque é un don de Deus.

A partires desta afirmación, *Xoán Paulo II* vai construíndo a reflexión partindo da realidade, e utilizando, dalgún xeito, o esquema , xa clásico, do *VER, XULGAR e ACTUAR*.

Isto supón partir dunha pequena análise da realidade na que constata unha contradición, que El chama, a dobre perspectiva, que sobre a vida, se está a vivir hoxe en día na sociedade: “ a cultura da morte e a cultura da vida “.

“ O evanxeo da vida é unha realidade concreta e persoal, porque consiste no anuncio da persoa mesma de Xesús como encarnación do Camiño, a Verdade e a Vida. A súa mensaxe pode ser coñecida tamén pola sola razón humana nos seus aspectos esenciais. A mensaxe do respecto absoluto á vida obriga a todo home (29, 30, 77).”

Porque é un valor fundamental sobre o que asenta-la convivencia e a construción da sociedade, o Evanxeo da vida é sempre unha interpelación para todo ser humano. Especialmente para os que máis en relación están coa posibilidade de traela ó mundo e de coidala: médicos, farmacéuticos, investigadores, capeláns de hospitais... isto supón non escudarse no silencio nin na indiferenciada, senón denunciar calquera atentado e facer uso da “ *obxección de conciencia* “, cando se lles obrigue a realizar prácticas contrarias ás súas *conviccións* . Nunca se pode ter por un comportamento ético “ *facer morrer* “ (89). Defender e promove-la vida non é cuestión nin dun grupo, nin duns poucos con conciencia, senón unha responsabilidade de Todos. (90 – 94).

5.- A modo de síntese

- 1.- Valor universal da vida.
- 2.- Respecto absoluto en función de ser un valor universal.
- 3.- Un principio non só relixioso, senón tamén de razón.
- 4.- Os poderes públicos están para defender e denunciar os atentados contra a vida, non para promovelos.
- 5.- Compromiso do crente, exixencia do Evanxeo, a defende-la vida, sempre e en tódalas circunstancias.
- 6.- E isto aplícase fundamentalmente ás tres situacións nas que hoxe a vida se ve máis ameazada: o trato dos embrións humanos, as novas tecnoloxías aplicadas ao comezo da vida, o aborto e a eutanasia. Inda que non son temas excluínates.
- 7.- A análise sociolóxica desde a que o texto contextualiza a reflexión reflexa bastante ben , e con crueza, o influxo e avance da cultura de morte, tanto desde o punto de vista da poboación, como dos pensadores (os actuais ideólogos) e lexisladores. Todos eles reflexionan desde un mercado *Utilitarismo*.
- .8- Na visión bíblica, a vida aparece como don e regalo de Deus. Por iso é sempre un ben, o maior dos bens que Deus pode conceder (Xob 12, 10; Dt 32, 29; Sab 1,3; 2,23; Mt 6,25; Mc 3,4; Mc 12,27; Mc 6,13; Mt 10, 8). Por todo isto a vida ten sempre carácter **INVOLABLE**.

9.- A tradición cristián está enchoupada da mensaxe bíblica. Desde o comezo ata hoxe, a pesares dos momentos de sombra que a historia nos mostra, a defensa da vida convértese nun principio fundamental a defender sempre e coherentemente. Polo que dispor da vida, propia ou allea, é usurpar un dereito que só a El pertence.

10.- O valor ético da vida reside en se-lo camiño para a realización persoal. É valiosa porque é máis ca un simple vivir. É tarefa de humanización, de recoñecemento do outro, á vez que pide respecto, e esixe responsabilidade.

6.- Adenda.-

Clarificando algúns termos

1.- Achegándonos á etimoloxía, debemos distinguir entre:

1.- morte doce / sen dor (**etimoloxía** da palabra : *eu + zanatos*=
boa morte)

2.- morte digna (*¿* en condicións humanas)= **ortotanasia**

3.- adiantamento da morte / acurtamento da vida.= **eutanasia**

4.- matar (suprimir deliberadamente a vida)= **eutanasia**

5.- Alongamento artificial e sen posibilidade de recuperación (encarnizamento

terapéutico) = **distanasia**

Debemos de falar de **eutanasia** se o que se fai é **quitarlle a vida** a alguén. Falaríamos de **distanasia**, entendendo por tal a **prolongación innecesaria da vida** (**encarnizamento terapeutico**), e por último **ortotanasia**, cando nos referimos a prestarlle á persoa tódolos coidados posibles que lle fagan a súa situación moito máis humana (**coidados paliativos**. Unidades que inda seguen a ser escasas).

2.- Na procura dunha definición

“ **Acción / omisión para causa-la morte co fin de elimina-la dor...** “ (E.V. 63)

Diferenciase do suicidio en que a intención que se busca e os métodos utilizados son diferentes. No suicidio é a propia persoa á que realiza a acción , e o que busca é suprimi-la vida, non elimina-la dor.

Desde un plano *ético – cristián*, debemos falar de eutanasia cando se *acorta directamente* a vida dalguén provocándolle a morte. Todo o demais non é máis que artificio lingüístico.

O punto de partida da reflexión cristián sobre a eutanasia non pode ser outro (debe) que o aprecio por toda vida humana. Só desde esta afirmación fundamental podemos presentarnos coma testemuñas, hoxe en día, da mensaxe evanxélica. falar de progreso non é equivalente a decidir como e cando iniciar ou suprimir unha vida, senón a loita e esforzo pola dignidade de toda vida.

- .Falar de eutanasia (provoca-la morte dalguén, sexa cal sexa a súa situación vital) é sempre un contravalor. A ruptura do compromiso de construír unha sociedade aberta e solidaria (opción a prol das persoas máis necesitadas e esquecidas).
- . Contra da razón moderna que afirma que a liberdade é un principio fundamental de toda persoa; que está nela e remite a ela. Debemos afirmar, sen medo e con claridade, que a liberdade transcende a propia realidade persoal e ábrenos á dimensión social e comunitaria: ser para os demais, vivindo cos demais, e abríndose ós demais (cfr. **Veritatis Splendor**).
- . A antropoloxía que parte da visión materialista do ser humano, e que fai primar o utilitarismo, o hedonismo e visión pragmática da vida, dificilmente asumirán outro plantexamento que non sexa o que afirma que cando a persoa non é feliz (non está a gusto coa existencia que está a vivir: dependencia, mingua da autonomía, necesidade dos outros...) ten dereito a suprimir esa existencia recorrendo á eutanasia. (tese dos que apoian a legalización da eutanasia: individualismo antropolóxico: **SON A MEDIDA DE TÓDALAS COUSAS**)
- . Para un crente a vida é un don que recibimos e debemos conservar, axudar a crecer e entregar ó servicio dos outros. somos recreadores dun ben recibido. Con autonomía, pero tamén na responsabilidade.
- . Desde o punto de vista da harmonía social, non podemos esquecer que legalizar, ou ser permisivos, que é outra das actitudes nas que *se confunde tolerancia con indiferenciada*, acaba levándonos a vivir na desconfianza respecto dos que nos rodean, e mesmo daqueles que teñen coma misión axudar a recupera-la saúde a aqueles que a perderon.

- . Para un crente a vida como don ten sentido en si mesma, non lle ven dado polo que faga ,nin tampouco polo recoñecemento que outros lle poidan outorgar , e moito menos pola existencia ou non dunha lei que así o poña de manifesto. A vida non pode estar a mercede das decisións porcentuais ou políticas.
- .Estar a favor da vida non é sinónimo de **bioloxicismo** naturalista, senón que supón o respecto da persoa, e todo aquilo que favoreza o ben de toda persoa. Isto quere dicir que sen necesidade de someter a ninguén a sufrimentos heroicos, a medicina será unha gran axuda (*os coitados paliativos*) para saber acompañar ós enfermos en situacións difíciles, mesmo terminais. Podendo aplicar medicamentos que alivien a dor, sen que por iso teñamos que afirmar nin definir esa acción coma comportamento pro eutanásico. Non esquezamos que en moral, o principio reitor da reflexión, debe ser sempre *a intención que un busca e desde a que actúa*. aplicar un medicamento que palíe a dor non significa que se estea a buscar a morte da persoa. Non ter clara esta diferenza fará que se confundan fins e medios, e polo tanto, que se caia no utilitarismo pragmático.

II.– A moral da sexualidade

1.– Necesidade dunha mirada humana e acolledora

“ Debemos chegar a ser unha Igrexa que non faga discriminacións. Quizais a doutrina non pode cambiar polo momento, pero podemos expresarnos con palabras máis amables para a xente e ser máis inclusivos. A Igrexa é para todos, tamén para os divorciados que volveron casar e para os homosexuais, como sempre di o papa. Son parte da Igrexa e debemos aceptalos e escoitar os seus sufrimentos. Non se trata de facer unha ideoloxía de xénero, que eu cuestiono moito porque hai algunhas cousas que me parecen esaxeradas. Pero poñamos por diante sempre á persoa. É o que fixo Xesús”. (**Jean-Claude Hollerich**. Presidente das Conferencias Episcopais da comunidade Europea (*COMECE*) e relator xeral do Sínodo sobre a Sinodalidade.

“ Deus mesmo creou a sexualidade, que é un agasallo marabilloso para as súas criaturas. Cando **se cultiva e se evita o seu descontrol**, é para evitar que se produza o “empobrecemento dun auténtico valor”[146]. San Xoán Paulo II rexeitou que o ensino da Igrexa conduce a "unha negación do valor do sexo humano", ou que simplemente o tolera "pola propia necesidade da procreación". (A.I.150)

“ O Concilio Vaticano II expuxo a necesidade dunha "educación sexual positiva e prudente" que chegue aos nenos e adolescentes "a medida que avanza a súa idade" e "tendo en conta o progreso da psicoloxía, a pedagogía e a didáctica"[301]. Deberíamos preguntarnos se as nosas institucións educativas asumiron este reto. É difícil pensar na educación sexual nun momento no que a sexualidade tende a ser trivial e empobrecida. Só se podía entender no marco dunha educación para o amor, para a doazón mutua. Deste xeito, a linguaxe da sexualidade non queda tristemente empobrecida, senón iluminada”. (A.I. 280)

“ A educación sexual debe incluír tamén o respecto e a valoración da diferenza, que amose a cada un a posibilidade de superar o confinamento nos seus propios límites para abrirse á aceptación do outro. Máis aló das dificultades comprensibles que poida experimentar cada un, cómpre axudar a aceptar o propio corpo tal e como foi creado, porque "unha

lóxica de dominación sobre o propio corpo transfórmase nunha lóxica ás veces sutil de dominación sobre a creación [...]] Tamén é necesaria a valoración do propio corpo na súa feminidade ou masculinidade para recoñecerse no encontro co diferente”. (A.I.285)

“ Trátase de **integrar a todos**, hai que axudar a cada un a buscar a súa forma de participar na comunidade eclesial, para que se sinta obxecto da misericordia "inmerecida, incondicional e gratuíta". Ninguén pode ser condenado para sempre, porque esa non é a lóxica do Evanxeo. Non me refiro só aos divorciados nunha nova unión senón a todos, na situación que se atopen. “ (A.I.294)

“ Un pastor non pode sentirse satisfeito só aplicando as leis morais aos que viven en situacións “irregulares”, coma se fosen pedras que se tiran contra a vida das persoas. É o caso dos corazóns pechados, que tenden a agocharse mesmo detrás dos ensinamentos da Igrexa “para sentar na cadeira de Moisés e xulgar, ás veces con superioridade e superficialidade, casos difíciles e familias feridas” “ (A.I.305)

“ O ensino da teoloxía moral non debe deixar de incorporar estas consideracións, pois aínda que é certo que hai que coidar a integridade da ensinanza moral da Igrexa, sempre hai que ter especial coidado en destacar e fomentar os valores máis elevados e centrais. Evanxeo[363], especialmente a primacía da caridade como resposta á iniciativa gratuíta do amor de Deus. “ (A.I.311)

14

2.- Presupostos antropolóxicos

Se a persoa é o centro da teoloxía moral, e desde ela e con ela é como temos que ir construíndo a nosa reflexión, para así poder ir dando resposta a interrogantes e razón de por que nos comportamos dunha maneira e non de outro, diante dunha determinada situación; pois se iso é así, non podemos introducirnos no campo da teoloxía moral que se quere ocupar da sexualidade sen poñer os cimentos na *antropoloxía*. E non se pode hoxe facer antropoloxía da sexualidade se non é desde unha dimensión *transdisciplinar /interdisciplinar*, asentada sobre o respecto da dignidade da persoa – non instrumentalizada en función de...– e tendo sempre como referencia a Boa nova de Xesús.

- **Somos seres sexuados.** As persoas non vivimos no limbo a moda de seres abstractos e **a-históricos**, senón que a nosa realidade ten concreción no aquí a agora de cada un. Se a sexualidade é unha dimensión do ser humano, esta vívese por parte da persoa nun lugar e tempo determinados, pero por unha persoa concreta, única e irrepetible. E esta dimensión sexuada

ten que irse integrando por medio dun *proceso* educativo na súa realidade persoal. Educar é axudar a descubrir, é acompañar unha reflexión, é poñer medios para poder discernir... é camiñar con outro/s para que ese/s outro/s poidan decidir. Educar non é polo tanto nin impoñer nin someter, senón, abrir camiños para que, unha vez tidos en conta os diferentes elementos que conforman unha realidade, poder tomar decisións maduras, responsables e libres. Diremos entón que *a educación é unha tarefa*, e como toda tarefa aberta, convértese nun reto. Se situamos a sexualidade neste proceso de crecemento, tamén ela debe ser educada, para que esa dimensión poida englobar toda a realidade da persoas sen parcializala ou fixala nun momento ou nunha situación. Isto fai que tamén a sexualidade, o mesmo que a persoa, sexa non un problema, senón un misterio que nos transcende e cara onde nos orientamos para intentar ir dando respostas persoais.

- Como dimensión esencial da realidade humana, a sexualidade confórmanos e ábrenos a un horizonte de comprensión persoal e de relacións cos demais. Nacemos sexuados e camiñamos, no noso crecer e desenvolvernos *físico, psicolóxico social e tamén espiritual. Non só somos materia biolóxica*. Como dimensión da persoa, a sexualidade oríentanos no noso xeito de vivir no medio do mundo desde a *complementariedade* e a *relacionalidade*. E todo para humanizar o noso comportamento e darlle a nosa vida unha plena humanidade. *Non ha entón de reprimirse ou esconderse* esta dimensión da persoa, senón *vivirse integrándoa*. Vivirla de xeito gozoso e enriquecedor. Non é entón algo alleo, extrínseco a cada un de nos. Non é algo que nos poñen desde fóra, ou vemos a través dos medios de comunicación. Non, senón que é parte de nos. Somos persoas sexuadas, non temos simplemente sexo.
- A sexualidade, como nos di Bieito XVI na *Deus caritas est*, é **eros e ágape**. E os dous en relación e complementariedade. Os dous camiñando xuntos sen provocar tensión; os dous integrándose na mesma realidade da persoa

“En realidade, eros e ágape – amor ascendente e amor descendente – nunca se separan completamente. Canto máis atopan ambos, aínda que en graos variables, a unidade correcta na única realidade do amor, mellor se realiza a verdadeira esencia do amor en xeral. Aínda que o eros é

inicialmente sobre todo vehemente, ascendente —fascinación pola gran promesa da felicidade—, a medida que a persoa se achega ao outro, cada vez fará menos preguntas sobre si mesmo, para buscar cada vez máis a felicidade do outro, preocuparase sobre el, renderase e quererá "estar para" o outro. Así, o momento do agapé insírese no eros inicial; en caso contrario, distorsiona e tamén perde a súa propia natureza”²

Non é entón reducible a sexualidade a un fenómeno puramente fisiolóxico. Atopámonos diante dunha realidade que é á vez física e psíquica, e polo tanto que supera o puramente xenital, e non se reduce a unha realidade abstracta e inmaterial tampouco. Pois só desde esta relación complementaria, a persoa é capaz de crecer no amor.

- Isto que vimos de afirmar, e que en principio nos parece o mais normal, non ten sido entendido así ao longo da historia, onde a comprensión da sexualidade ten pasado por situacións diversas, e moitas delas, vistas desde hoxe, fariannos sorrir, pero que no seu tempo tiveron importancia e marcaron xeitos de vivir e comportarse neste campo.
 - Sexualidade como **tabú** (o intocable, o escondido,)
 - Sexualidade como **misterio** (o incognoscible, aquilo ao que non temos acceso)
 - Sexualidade como **revolución e cambio** (liberación, superación de tabús, desinhibición)
- Non teñen, en función destas visións da sexualidade, faltado maneiras reduccionistas de entender e vivir a sexualidade, que acabaron creando desasosego e mesmo frustración no ser humano. Separar o aspecto físico e o aspecto espiritual ten dado lugar a estas visións/ concrecións parciais da sexualidade leva a caer:
 - **Nun espiritualismo desencarnado**
 - **Nun hedonismo absolutista**
- Supera isto ten sido un esforzo grande nos cincuenta últimos anos tanto por parte do maxisterio, como pola reflexión dos teólogos. Un esforzo nada fácil e que moitas veces, en calquera das dúas veiras, non ten sido comprendido. Documentos como

² Bieito XVI, *Deus caritas est* 7. Un maior desenvolvemento da diferenza e complementariedade entre ambos podemos velo se lemos en totalidade os número 2 ao 8 da encíclica.

G.S., H.V., P.H, F.C., C.I.C (catecismo); ou manuais que teñen como tarefa adecuar, seguindo o camiño trazado polo concilio, os contidos da moral sexual á realidade de hoxe, non para xustificar comportamentos, senón para facelos comprensibles, e asumibles, na mentalidade actual, son esforzos que non sempre teñen sido ben comprendidos.

- Non debemos confundir, e polo tanto temos que saber *diferenciar sexualidade e xenitalidade*, e sendo ambas importantes, nunca ha de entenderse como un xeito de dependencia ou de maior importancia de unha sobre a outra. A xenitalidade é un aspecto, non o é todo, en relación coa sexualidade. Pero isto non supón nin minusvalorala nin tampouco e reducir a ela toda a riqueza que encerra a sexualidade. Se estamos a falar da dimensión antropolóxica, non podemos esquecer que e a xenitalidade é parte desta configuración da persoa. O problema xurde cando ambas se levan ao extremo, prescindindo unha da outra, o que leva a caer ou no anxelismo ou no simple bioloxismo, e ningún das dúas posturas é boa.

- Evitar caer nesta confusión pídenos que coñecer e diferenciar os diferentes elementos/ aspectos que conforman a realidade sexuada da persoa, deste xeito non deberíamos esquecer que ao falar da sexualidade temos que ter en conta, para deste xeito chegar a unha integración verdadeiramente antropolóxica da sexualidade, e saber logo integralos desde a súa perspectiva moral e pastoral:
 - **A dimensión biolóxica** :a constitución biolóxica fai que nos descubramos como:
 - homes ou mulleres, masculino e feminino (XY / XX). E polo tanto que debamos falar de **sexo xenético**
 - O desenvolvemento do cigoto da lugar ao segundo momento, o **sexo gonádico**, no que a persoa aparece coas súas gónadas, glándulas masculinas ou femininas.
 - Ao redor da 8ª – 12ª semana xa se desenvolveron os xenitais externos, e podemos falar de **sexo fenotípico**
 -
 - **A dimensión psicolóxica**, desde **Freud**, esta dimensión ten adquirido unha grande importancia, non hai máis que ler os documentos das Congregacións e mesmo para darse conta. Abordar

a sexualidade coma un proceso de madurez, crecemento... no que hai que ir adecuando a vida moral, supón unha aportación novidosa para o noso tratado, e unha resposta á invitación de interdisciplinabilidade da que nos falaba o concilio. Non é o mesmo ser home ou muller desde o punto de vista psicolóxico, o que significa que cada un ten unhas características particulares, diferentes pero sempre complementarias. Neste senso, **Jung**, discípulo de **Freud**, falaba do *animus/anima*, aquilo que os chinos din do *ying/gang*, pero en proporcións diversas segundo se sexa home ou muller. Ao interno da *psicología da diversidade e da complementariedade*, sitúase tamén a dinámica da *oblatividade*. O descubrimento da soidade do propio sexo, fai que tomemos conciencia da necesidade de abrírnos ao outr@, complemento do noso propio eu. Un eu/ tu que vai camiñando ao encontro no nós, o encontro interpersonal. é esta dimensión psicolóxica un proceso que pouco a pouco se vai dando na realidade persoal de cada un.

18

- **A dimensión social.** A sexualidade, dimensión persoal, non se viva en abstracto nin xeito xenérico, senón nun contexto real e concreto, de cada un; coas súas características que van configurando desde esa realidade histórico- cultural á persoa, e tamén lle van influíndo no seu xeito de entender, desenvolver e vivir a súa realidade sexuada. Pero afirmar iso, non significa dicir que é a realidade social a que marca e dirixe todo o que significa a sexualidade na persoa. Neste senso, nin os existencialistas, con *Sartre* á cabeza, e seguidos de *S. Beouvoir*, *Reich* ou *Marcusse*, a realidade actual así nolo mostra, non estaban en posesión da verdade. Isto, volvo recalcalo, non significa afirmar que non ocupe o seu lugar e a súa importancia a dimensión sexual á hora de conformar a sexualidade.

3.- Aspectos a ter en conta desde unha visión cristiá:

- o A ética cristiá debería de afirmar a súa identidade, sen medo nin eufemismos, con unha *ética racional da sexualidade*, sempre que tratan ambas de fundarse sobre unha base ontolóxica, é dicir, no mesmo ser da persoa humana e nos aspectos distintivos da súa sexualidade. Ser crentes non significa non compartir a mesma racionalidade, inda que a motivación sexa distinto en cada unha delas.
- o Os valores éticos que aporta e tutela a fe cristiá poderían ser acadados pola razón humana. Pero iso non debe facernos esquecer o noso *propium, o plus* de transcendencia que se aporta desde a nosa convicción de fe. E non debemos esquecer entón que a ética cristiá *remite á persoa de Cristo e ao seu seguimento. Desde el estamos chamados/as, a ser iconas desta adhesión e seguimento do resucitado. A sexualidade, como dimensión constituínte da persoa, está no proxecto que desde o principio Deus ten para os seres humanos.*

4.- Criterios para unha ética da sexualidade

Por que a sexualidade debe crecer e educarse desde os referentes éticos?

19

- Unha sexualidade con dimensión ética – a sexualidade non se atopa localizada nun ámbito ou nunha actuación *determinada da vida da persoa* – abarca o conxunto de toda a persoa, e polo tanto está chea de múltiples significados. Todos eles han de estar orientados ao *crecemento e realización* da persoa. So se a persoa está *no centro da reflexión e da acción*, podemos falar dunha sexualidade humanizadora e de dimensión ética. Neste sentido temos que superar a tentación de caer nas grandes palabras baleiras, algo moi habitual ao falar destas cuestións, para ir camiñando na sinxeleza de quen busca, inda equivocándose, facer da sexualidade unha vivencia verdadeiramente fortalecedora da riqueza da persoa e da súa capacidade de crecer de camiñar ao encontro do outro/a.
- *Liberdade e significado.*– Falar entón de sexualidade, é facelo dun elemento básico da personalidade de todo ser humano. Unha dimensión que non se sitúa só na pulsión, senón que é posible integrala e actuar desde a racionalidade. As persoas, ao contrario que os animais, non estamos en celo e podemos evitar vivir a sexualidade coma un impulso. É unha opción de liberdade o como querer vivir a sexualidade. Isto faina estar chea de

múltiples significados. Podemos tomar decisións, facer eleccións e facelo desde a opción de vida na que queiramos construír a vida. A sexualidade significa, é signo dunha realidade máis grande e profunda.

- *Sexualidade e humanización.*– porque somos capaces de darlle e descubrir o significado da sexualidade, cando falamos dela estamos falando do proceso de crecemento, maduración e verdadeira humanización da persoa, de toda persoa, o que nos esixe que, estamos no ámbito da ética, que este proceso se vai realizando, non de xeito aleatorio ou anárquico, senón desde criterios que nos leven a descubri-la/ vivila como persoas e de xeito humanizador.

5.– Algúns textos da Doutrina da Igrexa

- O concilio.(*Gaudium et spes.* 3,14,24,29,51,49) . Pon de manifesto a *procesualidade* da sexualidade, a súa bondade, superando así o peccatómetro/peccatometría, a que se viñera sometendo, influxo de *S.Agustín* (*amartía*) a reflexión e desenvolvemento da sexualidade. E para isto é necesario *educala*, como realidade antropolóxica – *pertencente ao ser humano*– que conforma a vida da persoa. Asentada no ser humano ha de construírse sobre e desde o amor.
- *Persoa humana* (1975) continúa o desenvolvemento que iniciara o concilio. Á vez que vai incorporando na reflexión canto pode ofrecer, e axudar a integrar e comprender, a *psicloxía* .Busca aplicar, en diálogo con outras éticas, principios xerais de ética sexual Para logo analizar, desde os criterios previamente estudados, algúns comportamentos concretos.
- *Orientacións educativas sobre o amor humano* (1983.) É un texto que está destinado ao ámbito educativo: corpo, pudor, ámbitos da formación no campo da sexualidade, pautas éticas, importancia de situalas nun camiño pedagóxico... para facelo desde a consideración da sexualidade como *palabra e xesto afectivo*, non mero comportamento movido pola forza do instinto.
- *O Catecismo* (1992) .Que coloca o estudo da sexualidade no contexto do *6º mandamento* do Decálogo. Defínea como camiño

da *complementariedade* e realiza a súa fundamentación desde criterios antropolóxicos extraídos da *antropoloxía cristiá*, onde o ser *imaxe e semellanza de Deus*, é a guía a través da que se vai construindo toda a reflexión: humana, complementariedade, dignidade, igualdade, gradualidade... ao longo dun proceso educativo. (nº 2331ss).

6.– A bondade da sexualidade desde a construción dunha reflexión ética

A sexualidade, tal e como fomos presentando, é unha realidade *complexa* e que engloba toda a realidade da vida da persoa. O que nos leva, unha vez máis, a facer fincapé na súa dimensión ética. Dimensión que se queremos falar do respecto e dignidade que nos merece toda persoa, e evitar reducila, ou situala no mesmo ámbito que os animais, a non debemos esquecer nunca. Isto supón construír a reflexión sobre a sexualidade sobre:

- A *antropoloxía* e tendo en conta os elementos que nos aporta a mensaxe cristiá do Deus creador que nos pon no medio do mundo, pero sen abandonarnos a nosa sorte, senón acompañándonos e preocupándose por cada un de nós.
- Unha sexualidade que se pensa e vive desde a *integración* das virtudes éticas. **A sexualidade é boa**, pero se non se educa e orienta, pode converterse non so nun mal, senón nun *txunami* de “*deses-truturación*” e infelicidade, en baleiro existencial-. As virtudes axudarán neste camiño de orientación.
 - Temperanza
 - Castidade
 - Prudencia
 - Esperanza
 - Caridade

A sexualidade, como a persoa, é camiño de crecemento, desenvolvemento e evolución, e sempre no proceso de respecto da dignidade de toda persoa.

7.– Decálogo para unha comprensión esperanzada e positiva da sexualidade vivida desde os criterios da Teoloxía Moral católica

1. A sexualidade, unha das dimensións, que conforman a realidade da persoa é boa e positiva .E experiencia gratificante e reveladora da capacidade que a persoa ten de amar e ser amada.

2. É don creado, querido e concedido por Deus para cada un dos que creou a súa imaxe e semellanza. Non é un privilexio, tampouco unha carga, e moito menos un camiño de perdición.
3. É unha linguaxe de amor persoal, único, exclusivo, definitivo e fecundo. Desde ela vanse establecendo as relacións humanas, principalmente a realidade familiar.
4. Como linguaxe, a sexualidade supón un proceso de descubrimento, integración e educación que leva á madurez. É, polo tanto, unha realidade que debe ser educada.
5. A educación no ámbito da sexualidade ten que irse sustentando sobre o aprecio dos valores da corporeidade e o pracer, a educación dos sentimentos e dos afectos. Uns valores que se han de xerarquizar e ponderar desde as conviccións e situación de relacionalidade coas que a persoa se vaia atopando.
6. Como proceso de formación, ha de comezar desde a infancia e continuarse ao longo das diferentes etapas do desenvolvemento da persoa que supón que non ha de reprimirse, senón integrarse buscando poñela sempre ao servizo da humanización da persoa. Non se han de queimar ou solapar etapas, senón que é necesario avanzar, crecer descubrindo e vivindo como realidade positiva a medida que se vai descubrindo e vivindo.
7. Isto esixe recoñecer que a sexualidade non é unha realidade individual que atinxe solo ao que “ *un*” **quere, pensa e fai**; senón que ha de estar sempre aberta a vivirse desde unha experiencia persoal de encontro, sociabilidade aportación enriquecedora á comunidade .A sexualidade, non é individualismo, senón comunión integradora na realidade comunitario social.
8. Fronte a tentación do mercantilismo consumista, a fe cristián reflexiona sobre ela desde a súa acollida como don de Deus e ao servizo do recoñecemento de ser imaxe e semellanza .Isto supón descubrila na súa dimensión complementaria de alteridade, rexeitando calquera intento de convertela en simple pracer efémero ou utilización consumista .Nun mundo no que todo parece ter prezo, a sexualidade segue sendo momento de encontro e resposta ao plan de Deus para cada un/ha dos que puxo todo ao seu dispor (Sal.8).Non é entón unha simple apetencia.

9. Deste xeito a sexualidade, como experiencia de crecemento persoal e encontro co outr@, convértese nunha tarefa na que toda persoa está inmersa. Levar a cabo esta tarefa do xeito máis humano e gratificante posible, evitando cousificar ao outr@ (despersonalizar), é compromiso e esforzo de toda persoa.

10. Discernir, formar e informar serán tres elementos irrenunciabes para acadar esta experiencia de gratuidade gratificante que Deus puxo nas mans de cada un de nós, para que de xeito libre e responsable saibamos tamén dar razón da nosa esperanza (1Pe 3,15). Pais e educadores temos esta fermosa tarefa por diante.